



REPRESENTACIÓN DE ANIMALES EN PEZAS ROMANAS DEPOSITADAS NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Vanesa Lago Somoza

Introdución

No presente artigo vanse presentar dezasete pezas procedentes do Museo Provincial de Lugo que foron estudadas para a realización do Traballo de Fin de Máster que levou como título *A iconografía dos animais na figuración e na plástica galaico-romanas*¹. As pezas a estudar posúen todas representacións de animais; trátase de dúas figuras de bronce, tres estelas, dous relevos, seis lucernas, dúas *terra sigillata* e dous mosaicos.

Primeiro farase un pequeno resumo sobre o proceso de romanización que sufriu o noroeste peninsular, continuando coa presentación das pezas, e para finalizar veranse as similitudes que posúen as pezas cos animais reais.

A romanización do noroeste

A conquista da Península Ibérica levouse a cabo mediante diversas campañas militares, aínda que o territorio norte e noroeste no que se atopaban os pobos ástures, cántabros e galaicos, foi o máis difícil de romanizar. Isto debeuse basicamente a dous feitos, un deles é a agreste orografía do terreo do noroeste peninsular, e o outro foi a resistencia que mostraron

os poboadores da península. Foi en torno ó ano 29 a.C. cando o emperador César Augusto ideou un plan para ocupar estes territorios a causa dos intereses económicos que tiña nel, debido ás súas riquezas naturais.

Foi así como no ano 19 a.C., o pobo galaico acabou baixo o mando militar romano; nun primeiro momento o territorio formou parte da Lusitania, para posteriormente pasar a integrar parte do territorio da Hispania Tarraconense. Houbo moitos tipos de respostas á conquista: algúns pobos aceptaron a imposición mentres que outros subleváronse, provocando continuos conflitos que nalgúns casos foron resoltos mediante pactos. Todo isto provocou que o abandono dos asentamentos prerromanos non fose inmediato, senón que fosen os conquistadores os que se estableceran nos poboados castrexos. Será a partir do século I d.C. cando comece a abandonarse os asentamentos castrexos en preferencia polos núcleos urbanos, como por exemplo *Lucus Augusti*. Aínda que nalgúns casos este abandono dos poboados non foi definitivo.

A chegada de Roma provocou grandes cambios no territorio; un dos cambios que se poden apreciar son as estruturas sociais, moi marcadas nos grandes núcleos urbanos, mentres que nos asentamentos castrexos estes eran máis sutís. A economía tamén sufriría cambios, xa que Roma exercía un forte control político e económico sobre os territorios conquistados. Pero xunto cos cambios antes mencionados, o imperio traería consigo novas formas construtivas, novos materiais, outra forma de organización territorial, unha

¹ Lago Somoza, Vanesa (2015), *La iconografía de los animales en la figuración y en la plástica galaico-romana*. Máster de Arqueología y Ciencias de la Antigüedad 2014/2015. Facultade de Xeografía e Historia. Departamento de Historia I, Santiago de Compostela, 30 de junio de 2015.

plástica diferente, novos deuses... que acabaron provocando fortes modificacións na cultura prerromana.

Debido a esta conquista chegaron a Gallaecia pezas de arte romano, introducindo un novo estilo artístico que os poboadores galaicos aprenderon a realizar. As pezas de pequenas proporcións eran traídas polos conquistadores, como por exemplo os adornos persoais, figuras de culto ou as características *terra sigillata*. Aínda que posteriormente, habería talleres en territorios galaicos que se encargasen da elaboración dalgunhas destas pezas². Dentro de esta clasificación poderíamos facer unha diferenza entre as pezas que puideron ser realizadas por talleres itinerantes romanos, como poderían ser os mosaicos, e as que posiblemente foron feitas por persoas autóctonas, identificables por unha maior rudeza á hora de imitar a arte do imperio.

As pezas con representacións de animais do Museo Provincial de Lugo

Como xa se comentou anteriormente, as pezas estudadas do Museo Provincial de Lugo son dezasete. Máis concretamente son dúas figuras de bronce, tres estelas, dous relevos, seis lucernas, dúas *terra sigillata* e dous mosaicos. A continuación presentáranse en detalle cada unha delas.

As primeiras pezas que se van explicar son dúas figuras de vulto redondo de bronce, trátase da representación dunha aguia e a dun oso. Primeiro comezaremos pola *Aguia do Courel*, é a figura dun ave coas ás estendidas. Trátase dunha peza de pequenas dimensións que posiblemente fose traída a Galicia; posúe unha altura de 9,5 cm. por 7,5 cm. de largo. A outra peza de bronce é coñecida como o *Oso de Barán*, e como o seu propio nome indica nela esta representado un oso. O animal atópase apoiando as súas catro patas no chan e posúe unha cabeza de gran tamaño. É unha representación menor que a aguia, xa que ten un alto de 3,3 cm., un largo de 6,5 cm. e un ancho de 2,8 cm.

2 Non se atoparon restos de talleres de *terra sigillata* na Gallaecia.

Continuamos coa explicación das tres estelas funerarias, débese mencionar que as tres estelas son bifrontes, é dicir, teñen representacións tanto no anverso³ como no reverso. A *Estela de Atán* (fig. 1) ten representado no seu anverso as persoas ás que está dedicada a estela, mentes que no reverso é onde aparecen as representacións zoomorfas. O reverso está dividido en dous espazos, un superior e outro inferior onde aparecen recollidas unha escena de paseo/loita e outra de persecución. Na parte superior hai tallados dous cabalos que se dirixen cara á esquerda, os cales están sendo montados polo que posiblemente sexan dous militares xa que estes portan escudos ovais⁴. Na parte inferior apréciase unha escena de persecución, na que un xabaril está perseguindo a unha lebre, esta escena móstranos perfectamente o movemento provocado pola fuxida. Trátase dunha peza case cadrada cunhas dimensións de 80 cm. de alto e 71,5 cm. de largo.

Na *Estela de Adai* (fig.2) atopámonos a representación de tres aves e un oso. Na zona superior vemos un oso que se eleva sobre os seus cuartos traseiros para comezar a loitar cunha figura humana, que leva nas súas mans un tridente. Dita escena identifícase cunha representación cinexética ou como uns xogos circenses. Na parte inferior deste gravado aparecen tres aves que foron identificadas como unha curuxa, símbolo da morte e da noite, e unha parella de merlos⁵, estes poden ser identificados co matrimonio ó que esta dedicada a estela. Trátase do monumento funerario de maiores dimensións, xa que ten 93 cm. de alto e 57 cm. de largo. A terceira e última estela é a *Estela da loba capitolina* (fig. 3) nela pódese ver representada unha loba con dúas figuras debaixo ás que estaría dando de mamar, por este motivo identificouse ó animal coa loba capitolina aleitando a Rómulo e Remo. Desgraciadamente a peza non se conserva enteira, o que fai que non se atope a representación completa. Ten unha altura de 80 cm. e un largo de 50 cm.

3 No anverso das estelas aparecen representados os defuntos ós que están dedicados os monumentos.

4 A parte dianteira do cabalo que se atopa á cabeza e os rostros dos xinetes perdéronse, isto é debido a que a estela foi danada.

5 Tradicionalmente identificouse a estes dous animais con pombas, aínda que nesta ocasión tomouse a teoría de Fátima Díez Pratas, quen considera que gardan moitas similitudes cunha parella de merlos.

Por outro lado posuímos dous relevos que non están vencellados co mundo funerario, estes son o *Relevo de Xúpiter* (fig. 4) e o *Relevo de Becerreá* (fig. 5). No primeiro relevo aparece representado o deus Xúpiter, apoiando a súa man esquerda nun escudo e levando na súa man dereita unha lanza, e na parte esquerda sobre unha ara franqueada por dúas columnas apréciase o corpo dunha aguiá coas ás estendidas. Esta peza ten unhas dimensións de 66,5 cm. de alto e 88 cm. de ancho. O segundo relevo é o atopado en Becerreá (fig. 5), neste obsérvase un touro, unha vaca e un tenreiro (nesta orde); trátase dunha escena procesional na que se leva ós animais a un sacrificio. Isto sabémolo porque na esquina superior dereita apréciase a representación dun machado. Esta peza ten unha fisionomía rectangular, tendo o seu lado máis largo 100 cm. e un alto de 40 cm.

As lucernas que posúen imaxes de zoomorfos son seis, a primeira da que imos falar é a *Lucerna de disco n° 41*, nela apréciase a figura naturalista dun saltón de perfil dentro do disco da peza cerámica, os detalles do animal non se distinguen á perfección xa que a peza esta algo gastada. Na *Lucerna de disco n° 43* pódense apreciar dous mamíferos cuadrúpedes que foron identificados como cervos, aínda que debido ó desgaste da peza a súa visualización non está moi clara. A representación pode mostrarnos unha escena de caza, xa que parece que ambos animais atópanse en posición de fuxida. A seguinte peza é a *Lucerna n° 47* e nela aparece representado un cabalo ó que acompaña a figura dun home (en primeiro plano), parece que a persoa trata de agarrar ó animal. Para rematar coas lucernas só nos queda mencionar o conxunto composto pola *Lucerna n° 56*, a *Lucerna n° 57* e a *Lucerna n° 58*⁶ nas que aparece a representación dun anfibio, máis concretamente identifícase unha ra en cada unha das pezas. Unha última apreciación é o feito de que ningunha destas pezas supera os 9,4 cm. de largo e os 8,9 cm. de ancho; tendo todas unha altura inferior ós 3,6 cm.

Dentro da cerámica tamén nos atopamos con dúas *terra sigillata*, a primeira forma que atopamos é un *Vaso da forma Drag. 29 de terra sigillata Hispana* na que aparecen representados un can perseguindo a un

cervo (esta escena repítase varias veces arredor do vaso). O que nos mostra unha escena de persecución vinculada coa caza maior. O vaso ten un diámetro de 14,5 cm. e unha altura de 6,5 cm. A seguinte peza cerámica é un *Cuenco da forma 37 de terra sigillata Hispana*, nel aparecen representadas aves e mamíferos cuadrúpedes, desafortunadamente estes animais non foron identificados con ningunha especie concreta. O cuadrúpede aparece representado coa súa silueta de forma lateral e apoiado nas súas catro patas, dirixe o seu rostro cara adiante e posúe unha longa cola; a ave aparece representada de forma lateral, caracterízase por ter un longo pescozo e un pico dunhas dimensións considerables. Este cunco ten unhas dimensións de 27 cm. de diámetro e 13 cm. de alto.

Para rematar esta presentación de pezas centrarémonos nos dous mosaicos con representacións de animais. O *Mosaico de Batitales* (fig. 6) presenta unha composición centrada na cabeza de Océano, da que podemos ver como dous peixes xorden das súas barbas, a ambos lados da cabeza atópanse imaxes de golfinhos (un a cada lado), e no mar que rodea esta figura podemos ver peixes, polbos e ameixas. Desgraciadamente non se conserva o mosaico enteiro, só temos un panel de 124 cm. de largo e 83 cm. de alto. Por último só nos falta mencionar o *Mosaico de Dédalo e Pasifae* (fig. 7) no que aparece representada a cabeza dun bóvido de cor castaño-avermellada, esta é a única parte do animal que se conservou. Dito animal identifícase coa vaca da lenda de Dédalo e Pasifae. A composición encádrase rodeada dunha decoración xeométrica, que amplía considerablemente a superficie do pavimento, xa que ten un tamaño de 38 m².

6 As seguintes pezas: *Lucerna n° 56*, *Lucerna n° 57* e *Lucerna n° 58* teñen unha orixe exipcia. Segundo F. M. Herves Reigoso, (2006).



Fig. 1. Estela de Atán



Fig. 3. Estela da Loba Capitolina



Fig. 2. Estela de Adai



Fig. 4. Relevo de Xúpiter



Fig. 5. Relevo de Becerreá



Fig. 6. Mosaico de Batitales



Fig. 7. Mosaico de Dédalo e Pasifae

Animais representados

Agora presentarase as similitudes entre os animais que hai representados nas pezas que se expuxeron e os animais reais, baseándome nas identificacións que se atoparon na bibliografía consultada. Mediante esta nova catalogación irei expoñendo as similitudes e diferenzas zoomórficas; en primeiro lugar débese mencionar a gran cantidade de especies existentes neste conxunto de pezas; nel atopámonos úrsidos, équidos, súidos, cánidos, bóvidos, cérvidos, lepóridos, aves, insectos, anfibios, animais acuáticos e animais indeterminados.

Dentro deste apartado vou expoñer as similitudes entre os distintos mamíferos terrestres, divididos por familias. A clasificación que vou seguir lévame a falar en primeiro lugar dos úrsidos, équidos, súidos, cánidos, bóvidos, cérvidos, acabando a exposición dos mamíferos cos lepóridos.

A primeira familia zoolóxica da que se vai falar son os úrsidos⁷, ós que atopamos representados en actitudes moi diferentes. Na figura de vulto redondo denominada *Oso de Barán*, pódese ver dunha maneira xeral a anatomía corporal dun oso, destacando as súas pequenas e redondeadas orellas e a forma do seu focinho. A posición a catro patas resulta normal nesta especie, pero tamén nos podemos atopar este animal apoiado unicamente nos seus cuartos traseiros, como ocorre na *Estela de Adai* (fig.2). O desgaste da peza e a ausencia da súa cabeza só deixa ver certas similitudes entre a representación e a realidade. As dúas representacións de osos carecen tanto de atributos masculinos como femininos.

Internarémonos agora nas representacións dos équidos⁸. O desgaste da pedra onde foi esculpida a *Estela de Atán* (fig. 1) non permite apreciar detalles concretos dos animais, pero aínda así podemos ver como o cabalo que se atopa en segundo lugar, ten unha das súas patas no aire, nunha posición propia

⁷ Úrsidos: "Familia de mamíferos plantígrados da orde dos carnívoros, de corpo grande e robusto e extremidades curtas e fortes"; Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

⁸ Équidos: "Familia de animais mamíferos da orde dos perisodáctilos, de patas rematadas nun só dedo provisto de casco"; Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

desta especie. Nos dous animais vese que posúen uns bos cuartos traseiros, onde vemos o volume da pata desde o seu arranque preto da cola ata o casco, musculaturas que tamén veñen desenvolvidas nos animais físicos. Tamén na *Lucerna n° 47* vese a representación dun cabalo en segundo plano, xa que o primeiro é ocupado por unha figura humana. Destacar que ambos, o animal e o humano, diríxense cara ó mesmo lado; ademais o équido ten as súas patas en posición de movemento. A representación podería ser identificada sen ningunha dúbida cun cabalo real.

Dentro da familia dos súidos⁹ só atopámonos a representación dun xabaril na *Estela de Atán* (fig. 1), aprécianse perfectamente as características que distinguen a este animal; estas son a posición das súas orellas e unha cola longa que non está encaracolada nin pegada ó corpo. Vese a figura do animal de forma lateral en acto de carreira, xa que está a perseguir unha lebre.

Dentro dos cánidos¹⁰ atopámonos con dúas pezas con este tipo de representacións. A primeira delas é a *Estela da loba capitolina* (fig. 3) onde aparece unha loba; podemos ver ó animal de pé, inmóbil, esperando a que os xemelgos empecen a mamar, esta posición é unha das que adoitan adoptar as femias á hora de dar de comer ós seus cachorros. Debido ó mal estado da estela non se pode entrar en máis detalles. A segunda é o *Vaso da forma Drag. 29 de terra sigillata Hispana*, os animais aquí representados aparecen de perfil, nunha posición de carreira. É dicir, nestas representacións teñen as súas patas estendidas, as dianteiras cara adiante e as traseiras cara atrás, dando unha sensación de movemento. O animal caracterízase por ter unhas orellas apuntadas, un fociño alongado e unha cola longa. Mencionar que este animal aparece xunto a unha presa de caza maior.

Dentro dos bóvidos¹¹ ímonos encontrar con catro exemplares. No *Relevo de Becerreá* (fig. 5) aprécianse perfectamente as siluetas de todos os animais, o que nos permite identificalos. O primeiro identificouse como un touro xa que é o animal dun maior tamaño, e está representado co aparello xenital masculino, a segunda foi identificada como unha vaca, debido a que ten un menor tamaño aínda que nela non aparecen representadas as ubres, o último animal é o tenreiro, isto sábese debido ó seu tamaño e porque de novo aparecen representados os xenitais masculinos. Novamente atópase a toda a manda representada en movemento, aínda que non nunha posición natural, xa que todos os membros da manda adiantan as patas do mesmo lado á vez e levan o mesmo paso. Outra representación é a cabeza do touro do *Mosaico de Dédalo e Pasífae* (fig. 7), vese a cabeza e o pescozo do bóvido de forma lateral, coa cornamenta vista de fronte, perspectiva imposible na realidade. A representación do animal é bastante naturalista; ademais as tonalidades das teselas danlle unha maior forza visual.

Os cérvidos¹² aparecen na *Lucerna de disco n° 43* onde se ven dous corpos en acto de carreira, a ausencia de grandes cornamentas indica que posiblemente un deles sexa unha femia, mentres que o outro, ó ser de menor tamaño e carecer de dita cornamenta, posiblemente sexa unha cría. Trátase de representacións sinxelas pero nas que é moi fácil identificar a especie. Tamén se aprecia no *Vaso da forma Drag. 29 de terra sigillata Hispana*, nesta ocasión trátase da representación dun cervo macho xa que aparece representado cunhas pequenas cornamentas. A figura do animal aparece representada de forma lateral, perspectiva incompatible coa forma de representar as cornamentas de forma frontal.

9 Súidos: "Familia de mamíferos da orde dos artiodáctilos, co corpo cuberto de sedas, caninos da mandíbula superior moi desenvolvidos no macho e fociño case cilíndrico". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

10 Cánidos: "Familia de mamíferos da orde dos carnívoros, con cinco dedos nas patas anteriores e catro nas posteriores, uñas non retráctiles, cabeza alongada co fociño aguzado, orellas grandes e corpo esvelto". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

11 Bóvidos: "Familia dos mamíferos artiodáctilos da suborde dos ruminantes con cornos óseos permanentes". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

12 Cérvidos: "Familia de mamíferos ruminantes da orde dos artiodáctilos, que teñen o corpo esvelto e áxil, as patas fortes e delgadas e a cabeza con orellas grandes, fociño prolongado e cornos macizos, ramificados e caducos, presentes unicamente nos machos, a excepción dos renos". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

Para rematar, só nos queda mencionar a familia dos lepóridos¹³; só temos unha representación e esta está na *Estela de Atán* (fig. 1) onde podemos apreciar a figura de perfil dunha lebre perseguida por un xabaril, destacar que a maior parte deste animal perdeuse, polo cal foi identificada polas súas longas orellas e a súa cola curta.

Continuamos esta explicación co mundo das aves¹⁴, dentro deste apartado ímonos encontrar con aves rapaces e mais con paxaros. No apartado das aves rapaces topámonos dúas aguias e unha curuxa, a figura de vulto redondo coñecida como *Aguia do Courel* é unha peza que garda certo parecido co animal real. Ten un longo e apuntado pico, unha decoración querendo mostrar a plumaxe que chega ata as garras, e un torso como o do animal. O que a diferenza do animal son o tipo de ás que se lle colocaron, xa que a lonxitude das ás dunha aguia teñen unha envergadura moito maior. No *Relevo de Xúpiter* (fig. 4) vemos a unha aguia coas ás estendidas, debido ás malas condicións na que se conserva a peza non é posible establecer máis comparacións.

Para rematar coas aves que puidemos identificar só nos queda falar da *Estela de Adai* (fig.2) onde aparece representada unha curuxa, a anatomía do animal encaixaría coa dunha curuxa, a problemática neste caso é que non se conserva ningún rastro máis, polo que a comparación resulta case imposible. Deixamos a categoría das rapaces e internámonos agora no mundo dos paxaros, máis concretamente nos merlos que aparecen na estela, comparando as figuras destes animais coas dun merlo real pódese ver certo parecido, por exemplo en que teñen unhas patas longas e a forma da cola é similar.

O único insecto¹⁵ que aparece recollido neste traballo é o saltón, este animal aparece representado no disco da *Lucerna de disco n° 41*. A comparación desta representación co animal real sería innecesaria, xa que a representación ten tal grao de naturalismo que se poden ver perfectamente as antenas, a cabeza, o corpo, as ás e as patas.

No referido ós anfibios¹⁶ existentes, só se atoparon representadas ras, todas elas foron realizadas en lucernas. Na primeira, *Lucerna n° 56*, o anfibio ten unhas patas dianteiras moi longas, algo que coincidiría coa anatomía deste animal, pero a representación do seu rostro resulta moi confusa. A segunda, *Lucerna n° 57*, preséntanos unha ra cuns longos dedos, similitude que é comparable co animal, e por último, na terceira, *Lucerna n° 58*, podemos ver esculpidas unhas perfectas ancas.

Agora abordarase a diversidade de especies acuáticas que aparecen recollidas no *Mosaico de Batitales* (fig. 6) onde se pode ver parte da cola e do fociño dun golfinho, os poucos restos permiten afirmar que se trata dunha especie de golfinho de fociño curto, que se pode ver nadando preto das costas galegas. Noutros fragmentos tamén apareceron representados peixes¹⁷ que, ata o día de hoxe, non foron identificados con ningunha especie concreta, do mesmo xeito que co golfinho, o único que se conserva deles son fragmentos. Estas representacións de animais acuáticos represéntanse de forma lateral. Tamén

13 Lepóridos: "Familia de mamíferos roedores de cola curta, as patas posteriores máis longas ca as anteriores e orellas longas e móbiles". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

14 Aves: "Clase de vertebrados ovíparos de respiración pulmonar, mandíbulas recubertas dun peteiro córneo, membros anteriores adaptados ao voo, posteriores adaptados á marcha e corpo recuberto de plumas". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

15 Insecto: "Pequeno animal invertebrado co corpo dividido en cabeza, tórax e abdome, de respiración traqueal, que sofre metamorfose no seu desenvolvemento e que posúe un par de antenas e tres pares de patas, e ás na maior parte das especies". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

16 Anfibios: "Clase dos vertebrados da superclase dos tetrápodos, de pel núa, temperatura corporal variable segundo o medio e respiración cutánea e por branquias nas larvas e pulmonar nos adultos, á que pertencen os anuros, os ápodos e os urodelos". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

17 Peixes: "Calquera animal vertebrado ovíparo, que nace e vive na auga e respira por branquias, de corpo xeralmente cuberto de escamas e con aletas para nadar". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

se conservaron representacións de moluscos¹⁸ e cefalópodos¹⁹, xa que se aprecia a representación de dúas ameixas e parte da cabeza e os tentáculos dun polbo. A forma que tiñan de representar as ameixas resulta un pouco peculiar, aínda que a forma garda algunha similitude cunha ameixa. Máis realista son os fragmentos do tentáculo e da cabeza que se conservan no devandito mosaico, ata as tonalidades avermellado-amarronadas do polbo coinciden coa realidade.

Para rematar só nos queda mencionar o *Cuenca da forma 37 de terra sigillata Hispana* onde se aprecia a representación dun mamífero cuadrúpede, onde se mostra a figura do animal de forma lateral e apoiado nas súas catro patas, dirixe o seu rostro cara a adiante e posúe unha longa cola; e tamén aparecen aves, identificadas pola súa fisionomía e xa que se representan de forma lateral e pódese apreciar o seu pico e as súas ás. Desafortunadamente ningún destes animais puido identificarse con ningunha especie concreta.


Conclusións

Como se puido ver ó longo deste artigo, os animais representados nas pezas custodiadas no Museo Provincial de Lugo son moi diversos. Porcentualmente hai un maior número de pezas con representacións de aves (catro pezas), seguido polos anfibios (tres), mentres que os úrsidos, équidos, bóvidos, cánidos e cérvidos están empatados con dúas pezas en cada unha das categorías, e para finalizar con só unha peza atopámonos coa categoría dos súidos, lepóridos, insectos, animais acuáticos e animais non identificados.

18 Moluscos: "Tipo de animais do grupo dos invertebrados, que teñen o corpo brando, aparencia viscosa e que poden estar ou non provistos de cuncha". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

19 Cefalópodos: "Clase de moluscos mariños que se caracterizan por teren o corpo en forma de saco e a cabeza rodeada de tentáculos provistos de ventosas". Definición do Dicionario da Real Academia Galega.

Animais representados



Todas as representacións de animais que foron realizadas na época romana poden proporcionar algún tipo de información, aínda que sexa mínima. As imaxes móstrannos que tipos de animais se coñecían e con que fin se representaban, grazas a iso, púidose observar o papel dos diversos animais na mitoloxía, no mundo funerario e nas representacións decorativas.

A chegada dos romanos trouxo consigo unha mitoloxía e uns símbolos diferentes, novos rituais e outra forma de ver a morte. Todo o que se acaba de mencionar foise integrando ós poucos dentro das culturas prerromanas, a través de tres apartados mostrarei cales son as pezas nas que se pode apreciar esta nova cultura.

En todo este conxunto pódense apreciar as relacións dos animais co mundo dos mitos e simboloxía. Vinculado co mundo da mitoloxía están as pezas denominadas *Relevo de Xúpiter* (fig. 4), *Estela da loba capitolina* (fig. 3), *Mosaico de Batitales* (fig. 6) e *Mosaico de Dédalos e Pasifae* (fig. 7); así na estela de Xúpiter pódese apreciar a figura do deus vinculada coa aguia coas ás estendidas como símbolo de triunfo (animal que usaba o deus como mensaxeiro), na estela da Loba Capitolina pódese ver a representación da loba dando de mamar ós pequenos Rómulo e Remo, imaxe do mito fundacional da cidade de Roma, no mosaico de Batitales móstrase ó deus Océano rodeado de representacións de animais acuáticos, mentres que no mosaico de Dédalos e Pasifae aparece representada unha escena deste mito onde aparece o touro.

Por outra banda, a representación musiva con animais

acuáticos achéganos moitos datos sobre as especies mellor coñecidas, datos que esconden información sobre que tipo de peixes coñecíanse, xa fose a través da pesca/consumo ou polo feito de poder velos desde as embarcacións. Este mosaico está representado nun espazo natural, é dicir, o lugar onde se colocan as figuras dos animais é o fondo do mar.

En canto á asociación dos animais co mundo ritual, a presenza de bóvidos lembra as palabras de Plinio sobre a adecuación destes animais para o sacrificio. Os romanos teñen os seus propios ritos, cos que renden culto ós seus deuses, polo que, en moitas ocasións, deben realizar diversos rituais, para que estes lles sexan favorables e así evitar a ira divina. Un dos rituais máis practicados no mundo romano eran as ofrendas ou sacrificios, xa que estes actos eran os que máis satisfacían ós deuses. No *Relevo de Becerreá* (fig. 5) represéntase unha procesión ritual na que se leva a uns animais para o sacrificio. Na peza vese que a procesión a encabeza un touro, seguido por unha vaca e, en último lugar, un tenreiro. Na esquina superior dereita apréciase a representación dunha machada, o que mostra sen dúbida que se trata duns animais que se dirixen a un sacrificio. Os romanos consideraban que os bóvidos eran os animais máis idóneos para os sacrificios, xa que se dirixen cara ós espazos sacrificiais sen mostrar resistencia. Vinculados con este mundo ritual aparecen pezas como as figuras de vulto redondo *Aguia do Courel* e *Oso de Barán* que poderían ser exvotos ofrecidos aos deuses.

No que se refire ó mundo funerario, as representacións asociadas ás *Estela de Atán* (fig. 1), *Estela de Adai* (fig.2) e *Estela da loba capitolina* (fig. 3) permitiron chegar a unha conclusión clara sobre o tipo de animal que se asocia coa morte. Considérase que máis que asociar a un único animal, asóciáanse representacións de animais en situacións que poden chegar a un fatal desenlace, como poden ser a loita dun oso e un home ou a persecución dun xabaril a unha lebre, ademais, na xa mencionada estela de Adai podemos atoparnos á figura dunha curuxa, un animal nocturno que se asocia coa morte.

Por outra banda atopámonos con pezas que parecen ser creadas unicamente cun gusto decorativo e ornamental, como pode ser a *Lucerna de disco n^o*

41 que ten un saltón representado no seu disco; trátase dunha representación moi naturalista na que souberon captar á perfección a esencia do animal. Estes obxectos teñen a única función de iluminar, polo que toda representación que se realice sobre elas é, unicamente, para darlle valor artístico (o mesmo acontece co resto de lucernas). Tamén nas *terra sigillata* aparecen representacións de animais como elementos decorativos, non debemos esquecer que estas eran unhas cerámicas de luxo ricamente decoradas.

Para rematar só nos queda mencionar o feito da gran presenza de animais autóctonos, ou que eran coñecidos na época, xa que hai unha gran cantidade de animais domésticos e propios da fauna común, como os bovinos, os équidos, os cérvidos, os úrsidos, os súidos, etc., así como aves de todo tipo, peixes e mariscos, que parece que sempre foron animais de interese nesta zona.

Chama moito a atención a escasa presenza de insectos e anfibios nas representacións, debido a que eran un tipo de animais que se podía atopar con facilidade, polo que o coñecemento da súa forma sería normal. E en cambio, as representacións das ras, non gardan moito parecido cos animais reais. Ademais, o tamaño das pezas nas que as atopamos representadas son de pequeno tamaño.

Como conclusión final debemos comentar que os animais mellor representados, é dicir, aquelas figuras que gardan máis similitudes cos seus modelos reais aparecen representados en pezas vinculadas co mundo mitolóxico, ritual e funerario. Mentres que as representacións que aparecen nas pezas que foron realizadas unicamente cunha función decorativa teñen menos similitudes co animal real. É posible que este feito veña determinado pola importancia das diferentes pezas. É dicir, é máis importante unha estela funeraria que unha lucerna, xa que está só ten a función de iluminar e non de perdurar no tempo como memoria do defunto.

Fichas das pezas

Título: aguiá do Courel
Data: 2º cuarto do s. I d.C.
Obxecto: escultura de bronce
Técnica:
Medidas: alto 9,5 cm., largo 7,5 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia: Folgoso de Courel, Lugo
Temática:
Animal representado: aguiá

Título: oso de Barán
Data: século II – III d.C.
Obxecto: escultura de bronce
Técnica:
Medidas: alto 3,3 cm., largo 6,5 cm., ancho 2,8 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia: Castro de Barán, Paradela, Lugo
Temática:
Animal representado: oso

Título: estela de Atán
Data: século I-II d.C.
Obxecto: estela funeraria en granito
Técnica: relevo
Medidas: alto 80 cm., largo 71,5 cm., ancho 35 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia: Santo Estevo de Atán, Ferreira de Pantón, Lugo
Temática: cacería e loita/paseo
Animal representado: cabalo, xabaril e lebre

Título: estela de Adai
Data: século IV d.C.
Obxecto: estela funeraria en granito
Técnica: relevo
Medidas: alto 93 cm., largo 57 cm., ancho 13,5 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia: Vilamaior, Santa María Madanela de Adai, Lugo
Temática: escena de caza ou loita
Animal representado: oso, curuxa e merlo

Título: estela da loba capitolina
Data: século II-III d.C.
Obxecto: estela en granito
Técnica: relevo
Medidas: alto 80 cm., largo 50 cm., ancho 20 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia: Lugo, capital
Temática: mitolóxica
Animal representado: loba

Título: relevo de Xúpiter
Data: século I d.C.
Obxecto: relevo en granito
Técnica: relevo
Medidas: alto 66,5 cm., largo 88 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia: Lugo, capital
Temática: mitolóxica
Animal representado: aguiá

Título: relevo de Becerreá
Data: finais do s. I – mediados do s. II d.C.
Obxecto: relevo en granito
Técnica: relevo
Medidas: alto 40 cm., largo 100 cm., ancho 40 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia: Villarín, Ouselle, Becerreá, Lugo
Temática: sacrificio
Animal representado: touro, vaca e tenreiro

Título: lucerna de disco nº 41
Data: século II d.C.
Obxecto: lucerna de cerámica
Técnica: molde
Medidas: alto 2,9 cm., largo 7,3 cm., ancho 6 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia:
Temática:
Animal representado: saltón

Título: lucerna de disco nº 43
Data: século II- III d.C.
Obxecto: lucerna de cerámica
Técnica: molde
Medidas: alto 2 cm., largo 7,1 cm., ancho 6,1 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia:
Temática: escena de caza
Animal representado: mamífero cuadrúpede, posiblemente cervo

Título: lucerna nº 47
Data: século II d.C.
Obxecto: lucerna de cerámica
Técnica: molde
Medidas: alto 1,9 cm., largo 8,9 cm., ancho 7,4 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia:
Temática:
Animal representado: équido

Título: lucerna nº 56
Data: altoimperial
Obxecto: lucerna de cerámica
Técnica: molde
Medidas: alto 3 cm., largo 6,6 cm., ancho 5,4 cm.
Localización: Museo Provincial de Lugo
Procedencia: orixe exipcia
Temática:
Animal representado: ra

Título: lucerna nº 57
 Data: altoimperial
 Obxecto: lucerna de cerámica
 Técnica: molde
 Medidas: alto 3,6 cm., largo 7,8 cm., ancho 7,3 cm.
 Localización: Museo Provincial de Lugo
 Procedencia: orixe exipcia
 Temática:
 Animal representado: ra

Título: lucerna nº 58
 Data: altoimperial
 Obxecto: lucerna de cerámica
 Técnica: molde
 Medidas: alto 3,5 cm., largo 9,4 cm., ancho 8,9 cm.
 Localización: Museo Provincial de Lugo
 Procedencia: orixe exipcia
 Temática:
 Animal representado: ra

Título: vaso da forma Drag. 29 de terra sigillata Hispana.
 Data: mediados do século I d.C.- mediados do século II d.C.
 Obxecto: cerámico
 Técnica: molde
 Medidas: diámetro 14,5 cm., alto 6,5 cm.
 Localización: Museo Provincial de Lugo
 Procedencia: Recatelo, Lugo
 Temática:
 Animal representado: can e cervo

Título: cunco da forma 37 de terra sigillata Hispana
 Data: mediados do século I d.C.- mediados do século II d.C.
 Obxecto: cerámico
 Técnica: molde
 Medidas: diámetro 27 cm., alto 13 cm.
 Localización: Museo Provincial de Lugo
 Procedencia: Recatelo, Lugo
 Temática:
 Animal representado: ave e representación de mamífero cuadrúpede

Título: mosaico de Batitales
 Data: primeira metade do século III d.C.
 Obxecto: pavimento
 Técnica: mosaico, realizado con morteiro e teselas de pedra calcárea e louseira
 Medidas: largo 124cm., alto 83 cm.
 Localización: Museo provincial de Lugo
 Procedencia: antiga rúa Batitales, hoxe Doutor Castro, Lugo
 Temática: marítima
 Animal representado: delfín, ameixa, un polbo e peixes

Título: mosaico de Dédalo e Pasifae
 Data: século IV d.C.
 Obxecto: pavimento
 Técnica: mosaico, o emblema foi realizado con "opus vermiculatum"
 Medidas: superficie 38 m²
 Localización: Museo Provincial de Lugo
 Procedencia: soar nº 10 de la Rúa Armañá, Lugo
 Temática: mitolóxica
 Animal representado: bóvido

Bibliografía

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1973): *Galicia romana: artes plásticas*, Santiago de Compostela.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1974): *Mosaicos romanos de Hispania citerior. Vol III. Conventus Lucensis*, Santiago de Compostela.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1997): "Os Mosaicos das cidades e das villae", *Galicia Terra Única. I. Galicia castrexa e romana*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 211- 214.
- ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando; ALLES LEÓN, María José (2001-2002): "Nuevas aportaciones a los mosaicos romanos de Galicia", *Soliferreum, Studia archaeologica et histórica Emeterio Cuadrado Díaz ab amicis, collegis et discipulis dicata, An.Murcia*, 17-18, pp. 365-374.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. BALSEIRO GARCÍA A.; CASAL GARCÍA, R. (2011): *A plástica provincial romana no Museo de Lugo*, Lugo.
- ALCORTA IRASTORZA, E. J. (2005): "Lucus Augusti como centro de producción y consumo cerámico", *Unidad y diversidad en el arco Atlántico en época romana. III Coloquio Internacional de Arqueología en Gijón*, Gijón, pp. 191-202.
- ARIAS VILAS, F. (1992): *A romanización de Galicia*, Vigo.
- ARIAS VILAS, F. (1984): "La cultura castrexa en Galicia", *Población y poblamiento en el Norte de la Península Ibérica. Memorias de Historia Antigua*, VI, Oviedo, pp. 15- 34.
- Arqueoloxía e arte na Galicia prehistórica e romana: lectura arqueolóxica dos aspectos artísticos da cultura material galega desde a Prehistoria ata a Romanización*, A Coruña, 1995.
- CASAL GARCÍA, R. (1997): "Las joyas y adornos romanos en Galicia", *Galicia castrexa e romana*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 267-273.

DÍEZ PLATAS, F. (2005): "Sólo imágenes para la muerte: la cuestión de las estelas bifrontes galaico-romanas"; *Semata, Ciencias Sociais e Humanidades*, volume 17, Santiago de Compostela, pp. 61-74.

GARCÍA BELLIDO, A. (1972): *Arte romano*, Madrid.

GARCÍA HUERTA, M. R.; RUÍZ GÓMEZ, F. (2012): *Animales simbólicos en la historia, desde la Protohistoria hasta el final de la Edad Media*, Madrid.

HENIG, M. (1985): *El Arte romano: una revisión de las artes visuales del mundo romano*, Barcelona.

HERVES REIGOSO, F. M. (2006), "Vidrios, lucernas, cuentas de collar y *tabulae lussoriae*, paredes finas"; Rodríguez Colmenero, A.; Ferrer Sierra, S. (2006), *Excavaciones arqueológicas en Aquis Qverqvennis: actuaciones en el campamento romano (1975-2005)*, *Anejos de Larouco*, Vol 4, Lugo, pp. 501-626.

Historia da arte galega, volume 1, Vigo, (1998).

IMPELLUSO, L. (2003): *La naturaleza y sus símbolos: plantas, flores y animales*, Barcelona.

LAGO SOMOZA, VANESA (2015): *La iconografía de los animales en la figuración y en la plástica galaico-romana*. Máster de Arqueología y Ciencias de la Antigüedad 2014/2015. Facultade de Xeografía e Historia. Departamento de Historia I, Santiago de Compostela, 30 de junio de 2015.

MORGADO GARCÍA, A. J., (2011): "Una visión cultural de los animales"; Morgado García, A. J.; Rodríguez Moreno, J. J. (2011): *Los animales en la historia y en la cultura*, Cádiz, pp. 13- 41.

Ilumina: colección de lucernas José Antonio Varela Dafonte, Museo Provincial de Lugo, 2005.

RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1997): "O mundo funerario galaico-romano"; *Galicia Terra Única. I. Galicia castrexa e romana*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1993): "Historia del arte romano de Galicia"; *Galicia Arte, T. IX. Arte prehistórico y romano*, A Coruña, pp. 478-482.

RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1997/98): "Sobre dos novas estelas monumentales de *Lucus Augusti*"; *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, tomo VIII, Lugo, pp. 79-90.

TORRES RODRÍGUEZ, C. (1982): *La Galicia romana*, A Coruña.

VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1982): *Historia del arte gallego*, Madrid.